

**A CULTURA  
É UN DEREITO**

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS  
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

**A CULTURA**

**XI XORNADA**

**CULTURA SUSTENTABLE,  
O RETO POSTCOVID**

**E UN DEREITO**

**1 de decembro de 2021**

Centro Social de Boiro

Comisariado:  
Alberto García Sánchez

[www.aculturaeundereito.gal](http://www.aculturaeundereito.gal)



**Deputación  
DA CORUÑA**

**Antes do virus estábamos instalados no "pensamento único" das industrias culturais que trasladaban unha idea de cultura entendida exclusivamente en termos economicistas (industria, consumo cultural, productos culturais).**

**Nesta era Covid, que tamén debера ser de reflexión e replantexamento das formas de facer, aparecen institucións como a Deputación da Coruña que nos lembran que a cultura, ademais dun recurso económico lexítimo é un dereito cidadán.**

**Esta xornada de cultura sustentable, enmarcada na liña "A cultura é un dereito" da área de cultura da Deputación da Coruña insiste na idea de que outra cultura é posible. Unha cultura sustentable economicamente, lóxica e que aplique criterios de distribución baseados na equidade. Unha cultura sustentable socialmente que teña moi en conta o ecosistema cultural, onde a cidadanía, a creación amadora e a participación son aspectos imprescindibles e complementarios á cultura entendida como industria. Unha cultura tamén sustentable ambientalmente, neste intre de emerxencia climática e vital que atravesamos.**

**En definitiva queremos reflexionar sobre as formas de traballar en cultura a partir de agora, tendo en conta o momento que vivimos, o marco da axenda 2030 e tamén as nosas características e potencialidades propias como sistema cultural, que ademais encaixan á perfección coas diferentes dimensións da cultura sustentable como paradigma de futuro.**

**Todas as intervencións retransmitiranse en streaming a través da canle de Youtube: Cultura Deputación da Coruña.**

**Tamén contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.**

**A CULTURA É UN DEREITO**

---

# VENRES 1 PROGRAMA

---

**16:00h**

**Presentación institucional da xornada.**

As dimensións da cultura sustentable.

**16:20h**

**Debate inicial Sustentabilidade ambiental vs. Greenwashing.**

Participan:

- María Baqueiro, (pacto por unha cultura sustentable en Galicia).
- Joam Evans, (comunidade de montes de Froxán).
- Conduce: Miguel Rial, colectivo Fousas ao Monte

**17:10h**

**Presentación de casos.**

Proxectos sustentables. A cargo de Fran Quiroga (estudo de cultura e sustentabilidade CCG), cos casos presenciais:

- Laboratorio Ecosocial do Barbanza
- Festival Agrocuir

**17:45h**

Descanso café con AldaoLado

**18:00h**

**Mesa Redonda Sustentabilidade política. Os valores que traslada a cultura.**

Participan:

- Rexenerando Cooperativa
- David Rodríguez "O funambulista Coxo"
- Conduce: Charo Lopes (Novas da Galiza)

**19:00h**

**Cuarta parte. Sustentabilidade económica. A precariedade no sector da cultura.** Conversa entre Sergio Lago, María Yáñez e Alberto de Boiro sobre o "manual de supervivencia na cultura galega".

**19:30h**

Peche con AldaoLado

